

**PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA DE**

MATERIA:	Lingua castelá	ANO ACADÉMICO	2024/2025
ETAPA	BACHARELATO	CURSO	1º
PROFESOR/A	Ana Mª Rodríguez Ramos		
LIBRO DE TEXTO	Lengua castellana y Literatura 1ºBAC, ed. Santillana, Construyendo mundos		

**OBXECTIVOS DA MATERIA**

Os establecidos no currículo para o curso

**METODOLOXÍA APLICADA**

A establecida no currículo para o curso

**CONTIDOS**

1ª avaliación Lectura:	Temas 1-4, 8, 11-12 Gala, Antonio, Anillos para una dama, ed. Bruño
2ª avaliación Lectura:	Temas 7-9, 13-17 <i>Lazarillo de Tormes</i> , ed. Vicens Vives, clásicos hispánicos
3ª avaliación Lectura:	Temas 5-10, 18-19 Bécquer, Gustavo A., Rimas y leyendas

**AVALIACIÓN**

En cada avaliación, teranse en conta:

a. <b>Proba escrita:</b> haberá unha ou dúas (unha de contidos lingüísticos e outra de literarios) entre as que se fará media. Os exames poderán incluír preguntas tipo test, de resposta breve ou longa, de relacionar contidos, de razoar, de escritura creativa e cuestións teóricas ou prácticas sobre os temas que entren.	<b>80%</b>
b. <b>Lecturas</b> propostas. Serás avaliadas ben a través dunha proba escrita, ben a través da realización dun traballo. Poderá estar incluído no exame.	<b>10%</b>
c. Realización de <b>traballos:</b> poderán ser comentarios escritos, exposicións orais, elaboración de proxectos, traballos en grupo ou individuais...	<b>10%</b>

Penalizaranse os erros ortográficos ata un máximo de 2 puntos do seguinte xeito:

**0,2 punto** por incoherencias, vulgarismos, impropiedades, ausencia de marxes, puntuación incorrecta e faltas de ortografía.

**0,1 punto** por cada til.



Ao final do trimestre, calcularase a nota tendo en conta as porcentaxes indicadas. Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5 puntos. Superado o 5, redondearase a nota cara o número enteiro seguinte a partir do 0,75.

O alumnado pode aprobar a materia nos seguintes supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media das notas reais das tres avaliacións (sen o redondeo) é igual ou superior a 5 puntos (sempre e cando a na última acade un 4).

A nota final do curso resultará da media das notas reais (antes do redondeo). Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5 puntos. Superado o aprobado, as notas finais serán redondeadas cara o seguinte número enteiro a partir do 0,75.

### **Criterios de recuperación:**

A avaliación é continua polo que se, tras aplicar o procedemento anterior, non se supera a materia haberá que recuperala mediante a realización dun exame final en xuño que consistirá nunha proba de contidos interrelacionados nos que, partindo dun texto, o alumnado teña que responder a preguntas teóricas, prácticas ou teórico-prácticas similares ás que se formularon noutros exames ou nos exercicios resoltos na aula.

Se só ten unha avaliación, recuperará a mesma; no resto dos casos, deberá recuperar toda a materia.

Este exame realizarase en xuño e incluírá os contidos mínimos establecidos e as lecturas non realizadas. Para superalo o alumnado deberá acadar como mínimo 5 puntos.

### **Outros aspectos a ter en conta:**

- No caso de que algún alumno-a empregue calquera método ilícito durante a realización das probas será penalizado coa anulación das mesmas. Daquela a proba estará suspensa e deberá recuperar a materia.
- **En relación ao alumnado que non realiza algunha das probas de avaliación ordinaria na data fixada para todo o grupo, o profesorado será o que tome a decisión (atendendo ás circunstancias persoais que xustifican a ausencia) de repetir ou non a proba antes da fin do trimestre.**
- O feito de non entregar traballos, comentarios, proxectos en prazo sen causa xustificada equivale á non presentación dos mesmos, de xeito que serán corrixidos pero non avaliados.
- Non se recollerán nin puntuarán exames/traballos escritos a lapis; é obrigatorio usar bolígrafo negro ou azul.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Á avaliación extraordinaria acudirá o alumnado que non teña superada a materia. O exame consistirá nunha proba de contidos interrelacionados nos que, partindo dun texto, o alumnado teña que responder a preguntas teóricas, prácticas ou teórico-prácticas similares ás que se formularon noutros exames ou nos exercicios resoltos na aula.

Este exame realizarase en xuño, en calendario fixado pola xefatura de estudos, e incluírá os contidos mínimos establecidos e as lecturas non realizadas. Para superalo o alumnado deberá acadar como mínimo un 5 sobre 10.